

# Comemoración dos Xogos Florais de 1891. Tui, 24 de xuño de 2006

Actos organizados pola Real Academia Galega  
coa colaboración da Consellería de Cultura  
e Deporte da Xunta de Galicia  
e o Concello de Tui



Medalla conmemorativa dos Xogos Florais de Tui, batida en Vigo polo xoieiro Enrique Pérez en 1891, que se conserva na Real Academia Galega



Barral, S. de S. / S. de S. / S. de S.

Alta Gráfica © 1993, 2006



O 24 de xuno de 1891 achegáronse a Tui aqueles que tiñan fe na patria, pero quizais pouca esperanza.

Vivían de todos os recantos de Galicia e tamén do Bierzo e do veciño Portugal, porque as fronteiras administrativas non poden romper os vínculos de sangue.

En Tui sentiron a calor da súa xente, a fraternidade, porque na cidade túdense ningún foi alíello nequeas xornadas de patriotismo. E escitaron de Murguía, de Brañas e de Lago a profunda voz da terra que os lles falaba de redención e lles dicía que os pobos nunca morren se teñen a bandeira dun idioma.

*Surge et ambula*, érquete e camíña, foi a consigna de Murguía.

E cando retornaron aos seus fogares, levaban con eles non só unha fe, tamén unha esperanza.

**Xosé Ramón Barreiro Fernández**  
Presidente da Real Academia Galega

Commemoración dos Xogros Florais de 1891  
Tui, 24 de xuno de 2006

*Real Academia Galega*

1906 / 2006 Centenario



Paño de fondo do teatro principal de Tui, usado como fondo para os Xogros Florais de 1891.

e a maior parte d' o seu vocabulario; o romano afirmóuno, tén d' o suevo as inflexions, d' o noso corazón o acento afalagador, e os brandos sonos, e os sentimentos d' as razas célticas. Un tanto femeninos, é certo, pro que se tempran n' o valor heroico d' os seus fillos. Léngua distinta—di o aforismo político—acusa distinta nacionalidade. Digámo-l' o nós tamen, se nos compre, con maior firmeza aínda, e poñamos de nós o que faga falla, pra que sea pra sempre esta léngua en consonancia c' o noso espírito, e feita coma ningún-ha outra, pra a expresion d' un-ha literatura tan oposta ó genio d' a de Castela como é esta que nós temos.

Discurso de Manuel Murguía, Presidente dos Xogros Florais de Tui. Formador da revista La Patria Galega. 7 e 8, 15-7-1891, p. 2.

Discurso de Salvador Cabeza, secretario dos Xogros Florais de Tui. Formador da revista La Patria Galega. 7 e 8, 15-7-1891, p. 7.

ceiras froles d' a inspiración qu' han de ser gala d' estos Xogros. Pro promítideme qu' antes d' acabar, saúde dende o fondo d' o corazón á nobre vila qu' hoxe nos acolle, e pída pra ela e pra os nosos Xogros as bendicións d' o Ceo. ¡Dios che bendiga, groriosa Tui, cibdade qu' a veira d' o Miño, d' o río ben amado, t' asentast! ¡Dios te bendiga é che faga tanto ben como mereces po-l' a tua fermosura e po-l' a tua nobreza, e che dea sempre esos campos que xamais me canso de contemplar e admirar, estos ceos esprendentes que te cobren, e o qu' aínda val mais qu' eso, fillas garridas e fillos dignos de ti, como tés hoxe, pra que chegues á sere, rutilante estrela n' o ceo de Galicia, e polo d' as nosas esperanzas, e berce d' a resurrección e d' a grandeza d' a terrán e filla mimada d' a meiga e d' adourada pátreca nosa, po-l' a que todos, todos, to-

lembrará eternamente como Polonia á Mickiewicz ou Galicia á Rosalía Castro.

A poesía, o amor, e sobre tod' o amor á pátreca, revivirán sempre de xeneración en xeneración, y-os últimos alentados d' un trovador ó d' un poeta serán recollidos por outro que seguirá pulsando de novo as cordas d' a súa armoniosa lira pra arrincarlle eses acentos de portesta contr' os enemigos, de espranza e resinación pr' os vencidos, e de triunfo e glorificación pr' os vencedores.

*Surge et ambula*; esas palabras dos Evanxelos serán o lema d' as nosas libertades!

¡Ouh nobre e vetusta cibdade de Tui, eu te saludo c' a mais to-l' alegría, por que futes a primeira que tiveche-l' a fortuna de dar

Discurso de Alfredo Brañas, Manteedor dos Xogros Florais de Tui. Formador da revista La Patria Galega. 7 e 8, 15-7-1891, p. 9.

**ACTOS DO CENTENARIO DA REAL ACADEMIA GALEGA  
COMMEMORACIÓN DOS XOGROS FLORAIS DE GALICIA  
TUI, 24 DE XUÑO DE 2006**

**12:00 h** Teatro Municipal (rua de Colón, 2):  
Recepción á Real Academia Galega pola Corporación Municipal de Tui.

**12:30 h** Saída do cortexo cívico cara ao Teatro Principal na praza de Frómista. Abre a comitiva a Banda Municipal de Música de Tui e os maceiros do Concello.

No palco da música do Paseo da Corredora:  
Intervención do académico Xesús Alonso Montero.  
A seguir, o gaitero Xosé Ferreiros, de Milladoiro, interpreta a Alborada de Rosalía de Castro.

Na Porta da Pia, antiga entrada á cidade:  
Salutación do alcalde, Antonio Fernández Rocha.  
A continuación, o neno gaitero, Xalo, interpreta a Muíñeira dos Campañeiros.

Diante da catedral (praza de San Fernando):  
Intervención do académico Andrés Torres Queiruga.  
A continuación, o gaitero Bieito Romero, de Luar na Lubre, interpreta unha muíñeira tradicional.

**13:00 h** Diante do Teatro Principal (na praza de Frómista):  
Alocución do académico Xosé Luis Méndez Ferrín.  
Lectura dos discursos históricos de 1891, pronunciados polos membros do Consistorio dos Xogros Florais, por parte de académicos e autoridades asistentes.  
Palabras de Xosé Ramón Barreiro, Presidente da Real Academia Galega.  
A Banda Municipal interpretará como remate o Himno Galego.